

O ÚLTIMO SUSPIRO

Costa-Gavras, 2024

1509

ESTREA EN NUMAX: 25.04.2025 | V.O.S.E. | +12 | 100 min

Nun diálogo amigable e apaixonado, o médico Augustin Masset e o escritor Fabrice Toussaint enfróntanse cara a cara, un co final da vida dos seus pacientes, e o outro co seu propio destino. Levados por un bulebulle de visitas e encontros, ambos se embarcan nunha sensible viaxe entre o humor e o pranto: unha aventura humana no corazón de todas as nosas vidas.

«Costa-Gavras asina un filme optimista, entre traxicomedia pedagóxica e conto filosófico repleto de verdade, sobre o delicado tema do remate da vida»

Fabien Lemercier, CINEUROPA



Un diálogo aberto co espectador

Por Mario Hernández

Costa-Gavras, un director coñecido polos seus thrillers de corte político tales como *Z* (1969) ou *Missing (Desaparecido)* (1982), polo xeral adoita explorar os aspectos relacionados co poder, a corrupción e o sufrimento humano. Traballos que examinan de preto as inxustizas do sistema, pero que *O último suspiro* ofrece unha mirada máis íntima e existencial dun tema universal: a vida e a morte.

O último suspiro é un canto á vida, unha celebración da existencia que reverbera a través das conversas dos dous protagonistas, o doutor Augustin Masset (Kad Merad) e o escritor Fabrice Toussaint (Denis Podalydes). Os seus diálogos, tan profundos como alegres, acompañan o espectador a través dunha viaxe que transcende a decadencia física á que están sometidos os pacientes de Augustin. No canto de remexerse na dor, Costa-Gavras céntrase no fermoso das conexións humanas, os momentos compartidos que nos definen, e a importancia de gozar cada alento ata o final.

Neste sentido, a película serve como unha reivindicación da morte digna, afrontando a difícil pero esencial discusión das mortes terminais e a súa paliación con extremada sensibilidade. A través do compasivo trato de Augustin para cos seus pacientes, *O último suspiro* avoga polo dereito de morrer con dignidade, libres de calquera dor innecesaria. E faino sen ofrecer respostas doadas sobre complexas preguntas éticas sobre o tema, senón que abre unha conversa co espectador para que este poida atopar o seu propio punto de vista. Este matizado enfoque evita a imposición que si que se pode ver noutras fitas que tratan o tema, presentando a morte non como un adversario ao que hai que combater, senón como unha conclusión natural e honorable para unha vida ben vivida.

O ton d'*O último suspiro* non é nin melancólico nin mórbido. Costa-Gavras líbrase do sentimentalismo para adoptar unha balanceado enfoque que convida á audiencia a reflexionar no canto de sacar o pano. Este afable ton é crucial para o éxito do filme, permitindo ao espectador conectar profundamente coa narrativa sen necesidade de chegar a ser dramático en exceso. Un guión cuxa construción evita deixar ao espectador saturado pola densidade da temática tratada, apostando por un sentido de calma contemplativa, permitíndolle saír do cinema presenciando algo tan profundo como humano.

Kad Merad como o doutor Masset proxecta na súa interpretación unha autoritaria serenidade, sabedoría e entendemento. O seu retrato dun home que pasou anos da súa vida confrontando a morte, pero que segue aberto a gozar dos pequenos praceres da vida é do todo afectuosa. Pola súa banda, o Fabrice de Denis Podalydès ofrece un volátil contrapunto, un home preocupado pola súa propia mortalidade e o existencialismo detrás da súa escritura. Xuntos, crean unha dinámica que é tensa pero agarimosa, chea de medos sen comunicar e pensamentos compartidos. A súa química é palpable, e as súas actuacións son o eixo principal da crúa emocionalidade que ecoa na cinta moito despois dos créditos finais. En definitiva, n'*O último suspiro* Costa-Gavras crea unha conmovedora meditación sobre a mortalidade, os cuidados paliativos, e o espírito humano. É unha cinta que trata aos pacientes co maior dos respectos, guiando ao espectador ao longo do difícil terreo con graza e sensibilidade.